

MULTILINGÜES A conselleira de Educación visita en Calgary varios colexios que desenvolven un programa pioneiro de inmersión en español que leva oito anos funcionando

O EXEMPLO CANADENSE

A PROFESORA GALEGA AMELIA FRANCISCO ENSÍNALLES CASTELÁN A 500 CATIVOS DE 5 ANOS

Redacción · Santiago

Os nenos da escola pública Collingwood, en Calgary (Canadá) recibiron o xoves á conselleira de Educación con saúdos de "hola" e "buenos días". Son preto de 500 rapaces e rapazas que participan no programa bilingüe inglés-español.

Laura Sánchez Piñón viaxou a Canadá para coñecer de primeira man este programa, que leva en funcionamento 8 anos, e do que esta escola é pioneira.

A galega Amelia Francisco, que leva dous anos traballando en Canadá a través dun programa do Ministerio de Educación, foi a encargada de trasladarlle a Sánchez Piñón as vantaxes deste método de ensinanza.

Os cativos chegan a esta escola con 5 anos, sen falar unha palabra de castelán, xa que só ao redor do 2% son hispanos. Ao rematar a súa educación, non só posúen competencias en castelán, senón que acadan mellores resultados académicos que o alumnado que só estuda nunha única lingua. Amelia Francisco explica que o programa consiste en clases en español pola mañá, e en inglés pola tarde. "Cando chegan entenden moito, seguen todas as directrices que se dan no contexto da aula, e din pequenas



A conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, esquerda, coa profesora galega Amelia Francisco

Aulas bilingües e seccións europeas

A mellora do ensino de idiomas complétase en Galicia cos programas das aulas bilingües en primaria, que se estreou xa o curso pasado, e as veteranas seccións europeas en secundaria, que xa son 284. Nos dous casos os alumnos reciben materias como matemáticas, plástica ou educación física, utilizando como lingua vehicular o inglés ou o francés, amais do galego e o castelán.

Amais, desde este curso a segunda lingua estranxeira, que ata agora era optativa, pasa a ser obrigatoria en 1º e 2º de ESO. Galicia é unha das poucas comunidades en adoptar esta medida.

Tamén se incrementa o número de bolsas para estudar idiomas en Irlanda, Reino Unido ou Francia. Este ano serán mil para 2º, 3º e 4º de ESO e outras 500 para bacharelato.

cousas", afirma a mestra galega, quen antes de impartir clases en Canadá foi mestra nos Estados Unidos.

Na clase da profesora Towers os pequenos entoan cancións e aprenden os días da semana. Neste centro todos os profesores, hispanos ou canadenses, falan español. Pouco a pouco os rapaces e rapazas van adquirindo destrezas comunicativas e entran en contacto coa cultura hispana a través da música, a lectura e as manualidades. De 8,40 a 3,10 horas, con 15 minutos de recreo e unha hora para comer, neste cen-

tro o castelán e o inglés conviven en harmonía.

A conselleira coincidiu cos mestres de Collingwood na importancia da ensinanza de idiomas, e salientou as vantaxes do bilingüismo. Neste sentido, explicou que en Galicia o novo decreto de galego contribuirá á competencia plena en galego e en castelán.

Durante a xornada de onte venres, Laura Sánchez Piñón continuou coñecendo a política canadense de ensino de linguas coa visita a outros dous centros educativos, esta vez en Edmonton. Así, a máxima responsable do departamento educativo galego visitou a Escola Grandin, que tamén desenvolve un programa bilingüe inglés-español, ademais dun de inmersión francesa. A continuación coñeceu o programa de inmersión do McKernan School, para despois visitar o Instituto Nacional de Nanotecnoloxía da Universidade de Alberta.

Idioma desde os seis anos, por lei

A Lei orgánica de educación establece a obrigatoriedade da primeira lingua estranxeira a partir de primeiro de Primaria, ós seis anos (ata agora era desde os 8) pero desde hai varios cursos a Xunta foi xeneralizándose xa en 2º e 3º de infantil (4 e 5 anos) e este curso adiantouse xa ós tres anos. Son tres sesións semanais de 20 minutos cada unha, que se poden agrupar en dúas.

Segundo datos da Xunta, son xa 776 os centros de infantil nos que o programa é unha realidade, beneficiando a 33.000 nenos. ●

SPIN-OFF ■ NanoGap e Neoker recibiron o galardón en tecnoloxía industrial e dos materiais

Premio Enisa de Investigación a dúas firmas saídas da USC

As empresas de spin-off NanoGap e Neoker, promovidas polos investigadores da USC Arturo López-Quintela, José Rivas e Francisco Guitián, atópanse entre as sete gaardoadas dos premios Enisa á Innovación 25 aniversario.

A Empresa Nacional de Innovación SA (Enisa), coincidindo cos seus primeiros 25 anos de funcionamento, convocou estes premios destinados a recoñecer e estimular o esforzo das novas empresas para

situarse nos mercados mediante proxectos de carácter innovador.

Á convocatoria presentáronse 219 proxectos empresariais de toda España.

Tanto Nanogap como Neoker son empresas impulsadas por investigadores da institución académica compostelá ao abeiro de patentes das que é titular a USC. As dúas empresas obtiveron o galardón na categoría de tecnoloxía industrial e dos materiais.

Neoker SL de Milladoiro-Ames, é o único produtor mundial de whiskers de alúmina, material que en forma de filamentos diminutos é un reforzo idóneo para composites avanzados e candidato perfecto para ser utilizado como reforzo en calquera material composto. Esta empresa de base tecnolóxica parte do labor investigador desenvolvido no Instituto de Cerámica de Galicia da USC que dirixe o investigador Francisco Guitián Rivera.

Pola súa banda, NanoGap, de Santiago é unha empresa innovadora baseada no traballo investigador realizado polos profesores M. A. López-Quintela e José Rivas, expertos no campo da nanotecnoloxía. Esta sociedade produce nanopartículas metálicas, magnéticas e AQC's, á vez que lles ofrece aos seus clientes a súa experiencia e asesoramento nos usos e aplicacións específicas dos seus produtos. ● REDACCIÓN

CONVENIO ■ O proxecto de estímulo do talento matemático ten 25 nenos de 12 e 13 anos

Estalmat vai ser financiado este ano por Caixa Galicia

Caixa Galicia financiará este curso 2007-08 o Proxecto Estalmat-Galicia que promove a Facultade de Matemáticas da USC, consonte un convenio asinado polo reitor Senén Barro e o director da Obra Social CaixaGalicia Manuel Aguilar.

Estalmat-Galicia, que comezou o 29 de setembro, ten como obxectivo o estímulo do talento matemático en rapaces de 12 e 13 anos. Cada curso 25 estudantes (nesta edi-

ción un é de Ourense, 2 de Lugo, 13 da Coruña e 9 de Pontevedra) seguirán un programa especial de dous anos para o estímulo do talento matemático. Trátase de desenvolver aspectos distintos do currículo escolar, axudar a pensar e gozar coas matemáticas para detectar e prestar atención a nenos con talento. Estas actividades terán lugar na Facultade de Matemáticas nas mañás de 23 sábados do curso académico. ● REDACCIÓN